

OFICIAL SEPULTURERO

CONCELLO
DE VIGO



PROCESO SELECTIVO DE OFICIAL SEPULTUREIRO (2 PRAZAS POR QUENDA LIBRE) CORRESPONDENTE Á OEP 2017-2018-2019 DO CONCELLO DE VIGO (3ª FASE)

ANUNCIO SOBRE RESOLUCIÓN IMPUGNACIÓNS PREGUNTAS TEST E NOVAS PUNTUACIÓNS DO PRIMEIRO EXERCICIO. ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ADOPTADOS EN SESIÓN DO 17/10/2023.

Primeiro.- Proceder a analizar e resolver a totalidade dos escritos de alegacións/reclamacións presentados, no prazo outorgado, contra a puntuación do primeiro exercicio test, resultando a seguinte motivación:

No expediente relativo ao presente procedemento, con número 41050-220, constan as seguintes alegacións, que por unanimidade dos membros deste órgano foron resoltas do seguinte xeito:

- **ALEGACIÓN NÚM. 1:** Código de solicitude W979764-4722, data 07-10-2023. Solicita a revisión do seu exame por canto contabiliza 25 respostas correctas fronte ás 24 contabilizadas polo tribunal
Resposta á alegación: O tribunal procede á revisión do exercizo realizado polo candidato, co seguinte resultado: 24 respostas correctas, 3 incorrectas e 3 sen contestar. Polo que debe rexeitarse a alegación presentada xa que o cómputo efectuado por este tribunal no momento da corrección foi o que consta no anuncio.
- **ALEGACIÓN NÚM. 2:** Código de solicitude W979869-7125, data 08-10-2023. Solicita a modificación da resposta da pregunta núm. 7 que na plantilla consta como a c) pola opción d), ao abeiro do art. 26 do Decreto 154/2014.
Resposta á alegación-pregunta núm. 7: analizado o citado art. 26 do Decreto 154/2014 o tribunal acorda por unanimidade admitir parcialmente esta alegación e anular dita pregunta por entendela mal formulada e que da lugar a confusión, xa que o columbario sería unha instalación mínima só no caso de que non existira “Un sector destinado a depositar as cinzas procedentes das incineracións” segundo así establece o apartado 4 do art. 26.
Resposta á alegación-pregunta núm. 25: alega o aspirante que a inclusión da palabra “artigo” na opción c) da lugar a confusión polo que debería ser modificada pola opción d) que sería a correcta. Analizado polo tribunal o enunciado da pregunta, a mesma refírese ao Decreto, o cal en ningún dos seus artigos regula a dimensión das caixas de restos, polo que, nin o Decreto nin os seus artigos regulan a dimensión das caixas, non sendo posible a resposta d) como correcta. Por outra

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - ofi.asexur@vigo.org – Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2023 14:41	Páxina 1 de 5
41050-220	CSV: A1AD35-322C39-AF2523-26LU56-JFQMFB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



banda, a referencia que se fai a “artigo” no lugar de “Decreto” non invalida a pregunta nin a opción correcta da mesma que segue a ser a c). Polo tanto, o tribunal acorda por unanimidade desestimar esta alegación.

- **ALEGACIÓN 3:** Código solicitude W979907-6453, data 08-10-2023. Impugna o candidato a pregunta núm. 1 por entender que se atopa fora do temario xeral publicado para o persoal laboral no BOP núm. 128 do 7 de xullo de 2020, no que se indica expresamente que “no caso de que se trate de probas para seleccionar persoal laboral substituirase polo seguinte: Tema 4: Dereitos e deberes dos empregados segundo o Estatuto dos traballadores. Faltas e sancións, procedemento sancionador do persoal laboral segundo o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Emprego Público (TREBEP) e, a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Resposta á alegación-pregunta núm. 1: Revisadas as bases xerais e revisados os catro primeiros temas do temario do grupo C de titulación: subgrupo C2, o código de conduta non entra no temario xeral publicado para o presente proceso selectivo, polo que o tribunal por unanimidade acorda a súa anulación.

Revisión de oficio da primeira pregunta de reserva: os mesmos motivos anteditos de nulidade da pregunta núm. 1 concorren na pregunta de reserva núm. 1, non entra no temario xeral, polo que o tribunal, por unanimidade acorda a anulación da pregunta de reserva núm 1.

Como resultado a pregunta de reserva núm. 2 pasará a ocupar o lugar da pregunta núm. 1.

- **ALEGACIÓN NÚM. 4:** Código de solicitude W979915-7463, data 08-10-2023. Impugna a pregunta núm 7.
Resposta á alegación-pregunta núm. 7: analizado o art. 26 do Decreto 154/2014 o tribunal acorda por unanimidade admitir parcialmente esta alegación e anular dita pregunta por entendela mal formulada e que da lugar a confusión, xa que o columbario sería unha instalación mínima só no caso de que non existira “Un sector destinado a depositar as cinzas procedentes das incineracións” segundo así establece o apartado 4 do art. 26.
- **ALEGACIÓN NÚM. 5:** Código de solicitude W980398-4471, data 09-10-2023. Impugna a pregunta de reserva 4 por canto a resposta correcta debería ser a c), non a d).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2023 14:41	Páxina 2 de 5
41050-220	CSV: A1AD35-322C39-AF2523-26LU56-JFQMFB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Resposta á alegación-pregunta reserva núm. 4: O tribunal por unanimidade acorda rectificar a resposta de dita pregunta pasando a ser a c), consonte o establecido polo art. 25.2 do Decreto 154/2014.

- ALEGACIÓN NÚM. 6. Código de solicitude W980842-2045, data 10-10-2023. Impugna as preguntas 16 e a de reserva núm. 4.

Resposta á alegación-pregunta núm. 16: o tribunal por unanimidade acorda desestimar a alegación presentada por canto a resposta correcta é a “d) todas as respostas son correctas”. O art. 30 do Decreto 151/2014 recolle as tres opcións a+b+c: no seu apartado 3 recolle a opción “a”; no seu apartado 4 recolle a opción “b”; e no seu apartado 5 en consonancia co apartado 3, se recolle a opción c).

Resposta á alegación-pregunta reserva núm. 4: O tribunal por unanimidade acorda rectificar a resposta de dita pregunta pasando a ser a c), consonte o establecido polo art. 25.2 do Decreto 154/2014.

- ALEGACIÓN NÚM 7. Código de solicitude W980999-8631, de data 10-10-2023. Impugna as preguntas núm. 7 e de reserva núm 4 polos mesmos motivos que os anteriores candidatos: impugna a pregunta 11 por canto no enunciado non se especifica a duración da concesión e nos 15 días posteriores á caducidade só é posible a renovación nunha das modalidades de concesión existentes, polo que solicita a anulación da pregunta.

Resposta á alegación-pregunta núm. 7: analizado o art. 26 do Decreto 154/2014 o tribunal acorda por unanimidade admitir parcialmente esta alegación e anular dita pregunta por entendela mal formulada e que da lugar a confusión, xa que o columbario sería unha instalación mínima só no caso de que non existira “Un sector destinado a depositar as cinzas procedentes das incineracións” segundo así establece o apartado 4 do art. 26.

Resposta á alegación-pregunta reserva núm. 4: O tribunal por unanimidade acorda rectificar a resposta de dita pregunta pasando a ser a c), consonte o establecido polo art. 25.2 do Decreto 154/2014.

Resposta á alegación-pregunta núm. 11: O tribunal, por unanimidade acorda desestimar a alegación presentada por canto segundo redacción dada polo art. 8.5 da ordenanza municipal núm 14, “enténdese caducada a concesión na que a renovación non se solicite nos 15 días seguintes á data de caducidade da licenza”.

- ALEGACIÓN NÚM. 8. Código de solicitude W981056-618, de data 11-10-2023. ALEGACIÓN FORA DE PRAZO. O anuncio do resultado do primeiro exercicio foi publicado o día 5 de outubro polo que o último día de alegacións foi o día 10 de outubro ás 00.00h, polo que o tribunal por unanimidade acorda a súa inadmisión, sen que dita

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - ofi.asexur@vigo.org – Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2023 14:41	Páxina 3 de 5
41050-220	CSV: A1AD35-322C39-AF2523-26LU56-JFQMFB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



inadmisión poda ocasionarlle ningún efecto xa que a mesma alegación foi admitida coa alegación núm. 5.

Segundo.- A vista da anterior motivación, o órgano de selección acorda:

- Anular as preguntas núm. 1, núm. 1 de reserva e núm. 7
- Desestimar a impugnación referida á pregunta núm. 11, 16 e 25 do test
- Retificar a resposta válida da pregunta de reserva 4, pasando a ser a resposta c) a correcta.

Terceiro.- Proceder novamente á corrección dos exames mediante o programa informático destinado a tal fin, resultando as seguintes puntuacións:

ID	Ben	Mal	NC	Nota
30329	22	3	5	6.83
30396	28	1	1	9.17
30463	29	0	1	9.67
30530	23	5	2	6.83
30607	21	1	8	6.83
30674	29	1	0	9.50
30741	21	5	4	6.17
31307	17	11	2	NON APTA/O
33474	17	10	3	NON APTA/O
33541	24	3	3	7.50
33896	26	2	2	8.33
62130	30	0	0	10.00
62207	20	5	5	5.83
62341	13	9	8	NON APTA/O
64052	12	12	6	NON APTA/O

Cuarto.- Publicar o resultado da nova corrección.



OFICIAL SEPULTURERO

CONCELLO
DE VIGO



Quinto.- Contra as novas puntuacións do primeiro exercicio caberá interpoñer recurso de alzada, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a Dereito.

Nos vindeiros días, publicarase por este medio a convocatoria para a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para os/as aspirantes que superaron o primeiro exercicio, segundo a táboa anterior.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A secretaria titular do órgano de selección

Elena Ares Salgado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2023 14:41	Páxina 5 de 5
41050-220	CSV: A1AD35-322C39-AF2523-26LU56-JFQMFB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		